



## **BASES COMPLEMENTARIAS ERASMUS + MOBILIDADE DE PERSOAL PARA FORMACIÓN**

### **XANEIRO - SETEMBRO 2018**

Convocatoria de selección **ERASMUS+ 2016-2018**

Nº de PROXECTO: **2017-1-ES01-KA103-036326**

**CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel**

Praza da Lexión, s/n

32002 Ourense

Teléfono: 988 788 740

[ies.carballeira@edu.xunta.es](mailto:ies.carballeira@edu.xunta.es)

<http://www.edu.xunta.es/centros/iescarballeira/>



## 1. COMITÉ DE SELECCIÓN

- Director do centro.
- Xefe da área de calidade, innovación e orientación profesional.
- Xefe do departamento de calidade e innovación.
- Xefe do departamento de orientación profesional.
- Coordinadora de programas internacionais.
- Xefes dos departamentos didácticos.

Se algún dos membros do Comité de selección presentase unha solicitude de participación, será excluído do mesmo.

## 2. REQUISITOS DAS SOLICITUDES

A valoración dos proxectos (apartado 'b' dos criterios de baremación) será anónima, de xeito que o comité de selección non terá coñecemento do solicitante de cada proxecto valorado. As solicitudes deberán, para isto, cumprir unha serie de requisitos:

- Deben presentarse cubertas dixitalmente empregando a fonte arial de tamaño 10. **As solicitudes manuscritas serán excluídas.**
- Se entregarán na secretaría, e deberán estar impresas a **simple cara**.
- Poderase valorar como compromiso de acollida outro documento distinto ao Anexo III da convocatoria sempre e cando a comisión de selección considere dito documento como acreditativo pola parte da empresa ou institución de acollida do solicitante.

## 3. CRITERIOS DE SELECCIÓN E BAREMACIÓN DE CANDIDATOS

As mobilidades dispoñíbeis para realizar estas prácticas asignaranse ás persoas interesadas, logo da presentación da súa solicitude, que será baremada segundo os seguintes criterios:

- a) **Ter realizado a participación en proxectos de mobilidade no CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel non sendo seleccionado (2 puntos).**



**b) Idoneidade do proxecto de mobilidade e impacto no centro (ata 3 puntos).**

**c) Presentación do “Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro” para a realización da mobilidade (5 puntos)**

**d) Praza definitiva no centro (3 puntos).**

\* Para a acreditación da praza definitiva no centro solicitarase ao secretario a certificación correspondente.

**e) Competencia lingüística en idiomas (non oficiais no estado español) acreditada documentalmente (ata 3 puntos).**

- B2 (MERL) ou superior idioma país destino: 3
- B2 (MERL) ou superior inglés: 2
- B1 (MERL) país destino: 1,5
- B1 (MERL) inglés: 1
- B1 (MERL) outro idioma: 0,75
- A2 (MERL) outro idioma: 0,25

**Nota 1:** No caso de empate na baremación entre candidatos valorarase:

1. Antigüidade no centro.
2. Se persiste o empate determinarase por sorteo.

**Nota 2:** No caso de persoal beneficiario de bolsa de axuda en calquera das convocatorias de mobilidade no Programa Erasmus+ do centro no dous últimos anos formará parte de outra lista secundaria diferente ao persoal que non foi beneficiario nesas convocatorias.

O persoal da lista secundaria poderá ser beneficiario dunha bolsa sempre e cando non haxa candidatos na lista de persoal que non participara nas dúas derradeiras convocatorias. Ademais, o persoal da lista secundaria non será tido en conta para a puntuación referida no criterio “a”.

**Nota 3:** O persoal do CIFP só poderá ser beneficiario dunha bolsa que xestione o centro nun mesmo curso escolar.